



M<sup>a</sup> Cristina Andrade González, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN relativa á normalización lingüística no noso concello**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É evidente que o proceso de normalización da lingua galega realizado ata o día de hoxe polas administracións públicas foi insuficiente para garantir o dereito a vivir libremente na lingua propia de Galiza. O respecto á legalidade vixente -Estatuto de Autonomía e Lei de normalización lingüística, Carta europea de linguas rexionais ou minoritarias- e a aplicación de políticas que favorezan o uso do galego e aumento do número de galegofalantes semella non ir na dirección correcta e así o demostran os estudos realizados polo Consello da Cultura Galega (CCG) e a Real Academia Galega (RAG).

O Partido Popular contribúe á minorización do galego coas súas políticas de recortes eliminando a Consellaría de Cultura, reducindo drasticamente o orzamento destinado ao fomento da lingua galega ou subvencionando a medios de comunicación que relegan a lingua ata o anecdótico mentres os medios de comunicación integramente en galego fican sen axudas.

Asistimos a un panorama onde as persoas galegofalantes non gozamos de dereitos que nos amparen no uso do idioma día a día. Resulta evidente que a pouca lexislación que pode protexernos non se aplica mentres que as máis de 500 disposicións legais que obrigan e protexen o castelán fanse cumprir rigorosamente e chama a atención que sexa a propia administración pública a que encabeza os ataques á lingua, tal e como se reflicte no informe da Liña do Galego elaborado pola Mesa pola Normalización Lingüística.

É por iso que se fai imprescindible que desde o ámbito local establezamos estratexias e ferramentas que favorezan a normalización do idioma e, polo tanto, nos permitan desenvolver a nosa vida en galego con normalidade.

Na Pobra do Caramiñal contamos desde o ano pasado cun Servizo de Normalización Lingüística, atendido por unha técnica ben capacitada, solvente e eficiente. Mais a existencia do Servizo por si soa non garante a mellora no proceso de normalización nin asegura o cumprimento da declaración institucional asinada por toda a corporación no pleno de febreiro de 2016. De feito, a miúdo consultamos documentación da administración local que non está en galego ou mestura galego e castelán. Por outra parte, estes días repartiuse pola vila un folleto cos actos de Semana Santa da parroquia do Castelo integramente en castelán que, segundo figura na portada, conta coa colaboración do Concello da Pobra. Coma estes hai exemplos abondo que nos indican que podemos e debemos mellorar a normalización desde a institución municipal.

Existen, ademais, outras posibilidades de actuación no eido normalizador que as meramente “fiscalizadoras” e que resultan moi efectivas para a valorización e promoción do uso do galego, como actividades divulgativas relacionadas coa lingua, a literatura e a cultura galega en xeral, actividades lúdicas en galego para todas as idades, concursos, etc.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón á Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. O Goberno Municipal esixirá que os folletos divulgativos que contén con subvención do concello se publiquen en galego.
2. O Goberno Municipal programará en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística actividades de promoción da lingua e a cultura galegas tendentes á súa normalización.
3. O Goberno Municipal vixiará que se cumpra a declaración institucional en apoio e defensa da lingua galega e da súa normalización a nivel local.

A Pobra do Caramiñal, 11 de abril de 2019



Asdo.: Mª Cristina Andrade González

Concelleira do GM do BNG-AA da Pobra do Caramiñal

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE A POBRA DO CARAMIÑAL